

OLEG Y LAS RARAS ARTES

[Andrés Duque, 2016]

180

ESTREA EN NUMAX: 16.12.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Oleg y las raras artes (2016, 70')

Dirección: Andrés Duque

Guión: Andrés Duque

Participación: Oleg Karavaichuk

Montaxe: Félix Duque

Son: Boris Alexeev

Música: Oleg Karavaichuk

Fotografía: Carmen Torres

Produtora: Laia Lafarga, Alexei Smychenko (España)

Distribuidora: Márgenes Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español, ruso

FILMOGRAFÍA

Ensayo final para Utopía, 2012

Color perro que huye, 2010

Paralelo 10, 2006

Iván Z, 2004

SINOPSE

Oleg Nikolaevich Karavaichuk aos seus 89 anos de idade continúa a ser unha figura controvertida e enigmática para a cultura rusa. Quen é este home que parece sacado dun conto de Gogol? É acaso un servo do Zar Nicolás II a quen lle foi confiado o piano do palacio para manter vivo o espírito doutros tempos? Oleg desafia coa súa arte a identidade do seu país transformándose e reinventándose a cada intre.

FESTIVAIS

Punto de Vista 2016 (Gran Premio), Fénix (Nomeado a mellor fotografía documental e música), Cinéma du Réel (Mención especial do xurado e Mellor banda sonora), Cinema d'Autor de Barcelona (Talents e Mención especial da crítica), Dokufest Kosovo (Mellor documental), Alcances (Mención especial)

«Unha peza única tan singular e brillante como vibrante que se achega á rareza deste músico.»

Luis Martínez. EL MUNDO



OLEG Y LAS RARAS ARTES

[Andrés Duque, 2016]

“A música de Karavaichuk déixate en estado de transo”

Entrevista a Andrés Duque

Por Pedro Emilio Segura Bernal

Oleg Karavaichuk é a alma do teu filme *Oleg y las raras artes*. Pódesnos contar como chegou este personaxe á túa vida e en que momento decides filmalo? Sempre fun un melómano coleccionista de todo tipo de cancións. Teño unha colección dixital de máis de 15.000 cancións seleccionadas que lanzar ao espazo. Entre elas a música de Karavaichuk, a quen descubrín por accidente e que merquei sen saber quen era. A música de Karavaichuk déixate en estado de transo.

Pero non foi até moitos anos despois que souben quen era o home detrás desta música. Grazas a unha amiga, Karina Karaeva, que comezou a falar del e a alimentar o meu interese. Foi así como xuntei valor e funo buscar. Tardei meses máis de con el grazas á cor azul. Unha coincidencia cromática inesperada que rompeu o seu hermetismo e nos permitiu conversar. El tería pasado de min o día que xeramos un encontro supostamente casual no Gorky Park e tanto el, como o meu intérprete, coma min íamos vestidos de azul. El decatouse e convidounos a nos sentar no céspede e conversar. El dáse de conta destas cousas que poden mudar o seu rumbo. Falamos de moitas cousas e ficou aberta a posibilidade dun filme.

Foi daquela cando empecei a entrever os verdadeiros trazos do xenio. A súa maneira de falar, de asociar ideas, a súa xestualidade e desde logo a súa música, tan rara e imperfecta como máxica. Había algo moi fino e sensíbel que o unía todo. Quería filmar iso.

Que influencia tivo Oleg durante a rodaxe e como valoras o produto final? Hai unha dependencia inevitábel en calquera traballo inmersivo. Entendín que Oleg precisaba de min, para que a súa voz non ficase no esquecemento. Se cadra o maior problema que tiveron foi o de non falar ruso, que complicaba a comunicación. Mais había entre nós un respecto enorme, ao punto que nun intre da rodaxe decido crear un xogo infantil.

Cada espazo escollido para filmar sería un lugar máxico: un conto de Gogol, un Neverland, unha antesala da morte. Isto dáballo a posibilidade de improvisar e a min tamén. El axudoume a achegarme a unha poesía que noutras condicións tería tardado moito: a poesía inconforme. Ao final no filme hai unha transferencia, el acaba evocando España e eu fixen un filme moi ruso. Claro que sinto que eu aprendín máis del ca el de min. Mais quen pense que se trata dunha guerra de egos trabúcase. En ningún momento quería impor o meu ego, só quería seducilo para que se sentise a gusto e deixar que a poesía saíse espontánea. E isto non é doado, require paciencia.

O filme son eses intres espontáneos de poesía, nada hai que sexa formulado, pensado, con guión. Son fragmentos dos seus últimos records. Foi un gran home sen dúbida e ninguén implicado no proxecto o puxo en dúbida, aínda que ás veces nos fixera perder os nervios.

Oleg viu o filme, que opina del propio?

Tivemos a oportunidade de convidar a Oleg a a España, ao festival de cinema de Navarra, onde se estreou a nivel nacional. Ao saír da sesión díxome: «Andriosh, moitas grazas, fixeche un filme sensíbel, fráxil e inqueda. Wagner estaría orgulloso».

Como artistas, Oleg e ti compartides unha vinculación na creación experimental. A min gústame sentir que os meus filmes son libres: libres dos canons do cinema contemporáneo, libres de márketing, do éxito e do diñeiro. Gústame ver como os meus filmes medran e mudan co tempo e tamén para o espectador. Son incómodos, pero capaces de voar. É a miña idea de cinema. Estou farto de ver filmes seguindo as regras para asegurar certo éxito. Éxito, para que? A felicidade é ver un filme que sae da nada, mesmo dunha idea moi tola e causa un efecto positivo e emocional no espectador. Que os deixe incómodos, tremendo, con ganas de se perder no mundo. Que pensen que o cinema é un xesto e non unha estratexia. Esa é a miña idea de cinema.

Publicado en: <http://rmff.mx/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

De la A a la Z de un pianista, Alfred Brendel.
Acantilado, 2013

Sobre la música, Alfred Brendel.
Acantilado 2016

Toca el piano, James Rhodes.
Blackie Books, 2016

Instrumental, James Rhodes.
Blackie Books, 2015

El malogrado, Thomas Bernhard.
Alfaguara, 2011

Glenn Gould, Sandrine Ravel. Astiberri, 2016

Vida y arte de Glenn Gould, Kevin Bazzana.
Turner, 2016

Una historia natural del piano,
Stuart Isacoff. Turner, 2013

Un cinema,
unha libraría
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME